



NOTA INFORMATIVA DO IESCHA

O INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS ORGANIZA A

XI EXPOSICIÓN TAL COMO ERAMOS

Fotos para o recordo

INAUGURACIÓN: VENRES, 26 DE AGOSTO DE 2022 – 20:30 HORAS

NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

DO 26 DE AGOSTO AO 14 DE OUTUBRO DE 2022



O Instituto de Estudos Chairegos “Pena do Encanto” (Iescha), inaugura o venres, día 26 de agosto de 2022, ás 20:30 horas, na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal de Vilalba, a mostra fotográfica baixo a denominación xenérica “*Tal como eramos. Fotos para o recordo*”, que chega á súa XI edición.

Esta mostra está integrada pola reprodución de 208 fotografías procedentes da fototeca do IESCHA, e é posible grazas ás aportacións de moitos veciños e veciñas de Vilalba e comarca.

As fotos que compoñen a Exposición, repartidas en 26 paneis (cunha nova presentación tanto no deseño como no soporte), son de temática variada (*Deportes, Celebracións, Feiras e Festas, Música, Nenas e Nenos, Grupos, Oficios e Actividades, Paisaxes e Recantos, Paseos, etc.*) e a maioría delas corresponden á 1ª metade do pasado século XX.

A undécima edición de *Tal como eramos-Vilalba* poderá ser contemplada dende o venres 26 de agosto (inauguración) ata o 14 de

outubro de 2022 na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal de Vilalba, no horario estipulado de apertura.

Todas estas fotos, xunto coas da exposición de “*Tal como eramos*” de Guitiriz, incluíranse no apartado correspondente do Caderno de Estudos Chairegos nº 11, que se editará a finais do presente ano.